

# IES A Basella

Versión 1.0\_ xuño 2022



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

O Plan Dixital do IES A Basella é o instrumento que adecúa e facilita o uso dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido desde o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado. Realízase co fin de desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa, promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.

Este plan está concibido como un documento vivo que contén os acordos alcanzados no centro con respecto aos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa, cada un na medida das súas posibilidades e o seu nivel actual de formación.

### 1.1. Datos básicos do centro

<b>Nome:</b> <i>IES A Basella</i>	
<b>Dirección:</b> <i>Avda. Galicia, 3 36620 Vilanova de Arousa (Pontevedra)</i>	
<b>Teléfonos:</b> <i>886 151 873 / 886 151 879</i>	<b>email:</b> <i>ies.abasella@edu.xunta.gal</i>
<b>Web:</b> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iesabasella">http://www.edu.xunta.gal/centros/iesabasella</a>	
<b>Oferta Educativa:</b> <i>Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato (BAC)</i>	
<b>Titularidade:</b> <i>Pública</i>	
<b>Alumnos:</b> <i>368 (Curso 2021-22)</i>	
<b>Profesores:</b> <i>44 (Curso 2021-22)</i>	

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

#### Características socioeconómicas.

O concello de Vilanova de Arousa localízase en plena ría de Arousa, que pertence á comarca do Salnés. O concello conta cunha poboación de 10.306 habitantes, segundo o *Instituto Galego de Estatística*,

*IGE*<sup>1</sup>. A poboación distribúese nas parroquias de Vilanova, Caleiro, San Miguel de Deiro, Tremeoedo, Andrés e Baión.

Pola súa situación xeográfica, a economía do municipio baséase no aproveitamento da riqueza do litoral, co marisqueo e pesca de baixura, por un lado, e mais na agricultura, con cultivos de horta e viñedo, por outro. Ambos sectores están en vías de transformación: no sector marisqueiro, co cultivo de moluscos e crustáceos en parques e viveiros; no sector agrícola, coa extensión dos invernadoiros e a selección dos viñedos, orientados a unha agricultura de mercado.

A única industria relevante que existe está relacionada coa actividade pesqueira, derivada das fábricas de salgadura establecidas no século XIX na Illa de Arousa e substituídas no último terzo do século polas fábricas de conservas, das que podemos contabilizar actualmente unhas cinco.

O paro rexistrado segundo a Consellería de Traballo e Benestar era, a 1 de xanerio de 2021, dun total de 662 persoas (320 homes e 342 mulleres).

Pódese destacar tamén como fonte de riqueza o turismo, principalmente de verán, relacionado coas praias e os espazos naturais protexidos.

Considérase Vilanova como vila natal de Ramón M<sup>a</sup> del Valle Inclán, escritor con fondas raizames galegas e de espírito universal, creador do esperpento. É obrigado mencionar os irmáns Francisco e Julio Camba, destacados xornalistas do século pasado.

## Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo.

As tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) inciden de forma cada vez máis determinante na vida das persoas e, en consecuencia, no campo da educación. Desde a Unión Europea publicouse un marco detallado para o desenvolvemento da competencia dixital dos cidadáns en Europa (Digicomp). O marco proporciona a descrición detallada de todas as habilidades necesarias para ser competente en contornas dixitais, descríbeseas en termos de coñecementos, habilidades e actitudes e achega os niveis dentro de cada competencia. Os centros educativos non podemos vivir alleos a estas necesidades da cidadanía, o que implica que debemos desenvolver todos os elementos necesarios (infraestruturas, procesuais e pedagóxicos) para integrar o marco *Digicomp* no noso proxecto educativo (PE).

O plan dixital é un instrumento de planificación integrado no PE que persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe nos distintos plans e programas do centro. O plan dixital concíbese como un documento vivo que contén os acordos alcanzados no centro con respecto aos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Aínda que o plan dixital garda unha estreita relación coa competencia dixital, a natureza complexa e globalizadora desta implica que as decisións tomadas neste documento contribúen tamén ao desenvolvemento do resto das competencias, especialmente, á personal, social e de aprender a aprender.

Ademais, como elemento integrador, o uso das TICs e o desenvolvemento das competencias dixitais do noso alumnado debe estar presente en moitos dos proxectos que se desenvolven no centro.

---

<sup>1</sup> Data: 1 de xaneiro de 2021. Fonte INE

- Proxecto eDixgal

Somos un centro eDixgal desde o curso 18-19, desde o primeiro ano todos os departamentos do centro se sumaron a esta metodoloxía de libro dixital, co que tanto alumnado coma profesorado, traballamos cun obxectivo e metodoloxía común, tendo libros dixitais en toda a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

- KA220-SCH-386DAB29 “Designing inclusive spaces at school”

Durante os tres vindeiros anos o IES A Basella formará parte dun proxecto KA2 Erasmus en colaboración con outros centros da zona da Pontevedra ademais de institutos de Portugal, Italia e Turquía.

A potenciación do ensino dixital e mixto permitirá mellorar as nosas capacidades comunicativas, colaborativas e dixitais con outras realidades de Europa. Por outra banda, este plan permitirá afianzar as competencias relacionadas coa sociabilidade, autoconfianza e expresión das ideas de xeito fluído e concreto.

Por último, a implementación dixital permitirá explorar as posibilidades de utilizar a Biblioteca como dinamizadora da vida cultural do centro e dos formatos audiovisuais como vía de comunicación e aprendizaxe convertíndoa nun espazo inclusivo.

- Proxecto Polos Creativos

Durante o curso escolar 21-22 o centro solicitou formar parte da rede de polos creativos, rede que proporciona un espazo común de desenvolvemento de proxectos interdisciplinares que aplican tanto metodoloxías como material innovador: impresoras 3D, kits de robótica, wearables, elementos IoT, etc.


No caso de que concedan a dotación do polo creativo, integraríamolo no noso PE como elemento fundamental dentro do desenvolvemento da materia Proxecto Competencial e noutros proxectos interdisciplinares promovendo o acceso á información, facilitando a análise e colleita de datos, autorreflexionando sobre: Industria, innovación e estrutura, ofrecendo produtos e servizos adaptados, o que redundará na redución das desigualdades e utilizando a robótica, a impresión 3D e IA para acadar, entre outros aspectos, a concienciación sobre produción e consumo responsable dentro dos ODS 2030.

## **Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

A concreción do deseño curricular e a toma de decisións organizativas do centro esixen unha visión compartida e un liderado importante. Pero, ademais, esixen que todos os membros do centro sexamos capaces de poñernos de acordo e avanzar cara a estas novas concepcións. Deste xeito, o plan dixital contribuirá de tres formas principais á Programación Xeral Anual (PXA).

- Todas as materias teñen cursos tanto no EVA edixgal (etapa ESO) como na aula virtual (etapa bacharelato). Moitas unidades didácticas están desenvoltas dentro dun dos dous EVAs proporcionando un entorno robusto para practicar unha metodoloxía mixta (blended learning).

- En virtude do plan de acción potenciarase e farase un seguimento da coavaliación e autoavaliación entre o alumnado (obxectivos 3 e 4 do plan de acción) e da avaliación dixital por parte do profesorado.
- As distintas materias elaborarán traballos e actividades que inclúan dinámicas e mecanismos para a produción e utilización de contidos en rede, preferiblemente abertos; a creación de espazos para visualizar eses contidos, accións para promover ou seu uso e a acción de compartilos dentro e fóra do centro.



### 1.3. Breve xustificación do Plan dixital

Este Plan dixital pretende ser unha concreción do espírito da ley orgánica 2/2006, de 3 de maio, que no seu artigo 111 bis, establece que: *“As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarse a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.”*

En definitiva, desde o IES A Basella velaremos polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións. En todo caso, as tecnoloxías da información e a comunicación e os recursos didácticos axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, concienciando no respecto dos dereitos de terceiros.

Na resolución do 3 de setembro de 2021, pola que se dictan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia o proceso de elaboración foi o seguinte:

## 1.4. Proceso de elaboración.

Aínda que o noso centro conta cun plan previo, a elaboración do presente plan de dixitalización realízase ao longo do curso 21-22 seguindo as directrices dos equipos ADIX<sup>2</sup> habilitados pola Xunta de Galicia para o apoio dos centros de ensino. Tivéronse en conta as ferramentas postas ao dispor dos centros educativos como SELFIE, CDD e DAFO que marcaron o punto de partida do plan dixital. Unha vez recollida toda a información dispoñible pasáronse a detallar os obxectivos e accións xunto á súa secuenciación.



A secuencia de accións na elaboración foi a seguinte:

Acción	Responsables	Observacións
Creación dunha liña de formación dentro do noso PFPP para a elaboración do plan dixital.	Equipo Directivo. Coordinadores do PFPP.	Creada en Outubro 2021.
Análise da situación do centro a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.	Coordinador do Plan Dixital. Membros do PFPP.	Rematada en marzo 2022.
Xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que lle permitirá a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.	Coordinador do Plan Dixital. Membros do PFPP.	Rematada en abril 2022. Informada a CCP do desenvolvemento do Plan Dixital.
Redacción dos obxectivos e actuacións para o curso 2022-23.	Coordinador do Plan Dixital. Membros do PFPP.	Rematado Xuño 2022.
Aprobación en claustro e Consello Escolar do Plan Dixital.	Equipo directivo.	Xuño 2022.
Implementación efectiva do Plan	Equipo directivo. Departamentos. Profesorado.	Setembro de 2022.

<sup>2</sup> Apoio DIXital



## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

#### 2.1.1. Infraestrutura:

Na actualidade, no IES A Basella, conviven tres opcións de uso das TICs para impartir de xeito presencial as clases dependendo da etapa educativa e materia da que falemos:

1.- Todas as aulas-grupo dispoñen dun kit de aula composto por un computador, un proxector e un sistema de son que permite un apoio multimedia ao desenvolvemento da clase. Os alumnos e alumnas están dados de alta en cursos nunha aula virtual moodle mantida polo proxecto Webs Dinámicas da Xunta e xestionada polo equipo TIC do centro que permite un modelo de aprendizaxe mixta, (blended learning), e que foron parte da dotación do proxecto de kits de aulas dixitais no curso 2010-11 .



2.- Ademais, o centro dispón de dúas aulas de ordenadores para a súa utilización por parte dos alumnos. Estas aulas están dotadas con vinte e un e vinte e tres equipos respectivamente, ordenador do profesor, equipo de son e canón proxector. Son aulas específicas que se usan para impartir a materia de TIC en Bacharelato e para o seu uso periódico noutras materias de Bacharelato, Aínda que se mellorou a súa dotación, a maior parte dos ordenadores están un tanto obsoletos.

Desde a incorporación do centro ao proxecto Edixgal o uso destas aulas adícase principalmente a alumnado de Bacharelato. Dispoñemos de gran variedade de equipos, moitos procedentes de dotacións dos 2007 e 2015. Porémn, hai pouca dotación de equipos máis modernos..

3.- Nos catro cursos da ESO, (un total de oito grupos), os alumnos e alumnas están integrados no proxecto Edixgal, o que implica un modelo 1:1 para os alumnos e alumnas, con portátiles que poden levar ás súas casas, kit de aula para apoio audiovisual, propio da metodoloxía usada en clase e unha contorna virtual de aprendizaxe,(EVA), con libros dixitais de varias editoriais integradas, o que permite o desenvolvemento dun modelo de aprendizaxe mixta.

#### 2.1.2. Equipamento tecnolóxico<sup>3</sup>:

O equipamento tecnolóxico de base que posúe o centro queda resumido no DRD (Documento de recollida de datos estatísticos) da seguinte forma:

##### 2.1.2.a) Dotación de ordenadores:

		número total	Antigüedad >5 años
Ordenadores de sobremesa		75	25
Ordenadores	Equipamiento Abalar/Edixgal	240 <sup>4</sup>	0

<sup>3</sup> Pódese consultar con máis detalle na seguinte ligazón [Inventario de medios TIC \(ligazón do repositorio abalarbox para uso interno\)](#)

<sup>4</sup> 219 prestados a alumnos e 21 a profes.

portátiles	Non Abalar/Edixgal	24	20
Totais		339	45

### 2.1.2.b) Dotación por localización:

		número total	Antigüidade >5 años
Aulas específicas de informática		49	12
Aulas clase	Aulas Abalar/Edixgal	219	0
	Aulas non Abalar/Edixgal	15	15
En dependencias de administración e xestión		7	
Outras dependencias	Bibliotecas	6	
	Departamento	21	
	Sala de profesores	4	
	Ordenadores portátiles profesorado	14	
	Sen localización definida	13	
Totais		339	45

### 2.1.2.c) Dotación por utilización preferente:

		número total	Antigüidade >5 años
Tarefas administrativas		7	
Tarefas educativas e de docencia	Uso exclusivo do profesorado	49	0
	Docencia directa co alumnado	244	15
Non asignados a ningunha tarefa preferente		39	
Totais		339	45

### 2.1.2.d) Outros equipamentos informáticos do centro:

	número total	do total son abalar
Nº encerados interactivos	14	4
Nº proxectores:	14	4
Escáner	2	
Nº impresoras de rede (conectados a varios equipos):	1	
Nº impresoras locais (conectadas a un único equipo):	2	
Nº puntos acceso wifi (incluído router wifi): 4	15	
Nº armarios carga portátiles: 4	4	

### 2.1.3. Conectividad:

O noso centro dispón dunha rede cableada e dúas redes wifi segmentadas para dar servizo a todos os equipos dos que dispoñemos, tanto educativos como administrativos.

Infraestrutura de datos (conectividad a internet)							Infraestrutura de voz (telefonía)
Puntos de rede cableada	Conexións sen fíos AP WiFi	Electrónica de rede					PAU
		Router	Switch	SAI	Rack	Servidor	
195	23	1	28	1	4	1	6

A conexión a internet é de fibra con 500 Mb/s simétricos.



### 2.1.4. Servizos dixitais educativos:

Dentro dos servizos dixitais educativos que usa o centro, podemos destacar:

- Corporativos:

<b>Páxina web do centro:</b>	<p><a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iesabasella/">http://www.edu.xunta.gal/centros/iesabasella/</a></p> <p>Páxina de Webs Dinámicas en Drupal que é o puntal básico para as comunicacións do centro coa comunidade educativa e contén toda a información académica, administrativa e de actividades.</p>
<b>espazoAbalar:</b>	<p>Espazo para comunicación interna entre o profesorado e coas familias sobre información académica do alumnado. Complétao a aplicación <b>abalarmóbil</b> na que as familias poden facer un seguimento de faltas e notas dos seus fillos e fillas, concertar citas co profesorado e recibir notificacións importantes do centro.</p>
<b>EVA eDixgal</b>	<p>Entorno Virtual de Aprendizaxe con libros dixitais para a ESO xestionado desde servizos centrais.</p>
<b>Aula Virtual:</b>	<p>Entorno Virtual de Aprendizaxe para o alumnado do bacharelato e para a formación do profesorado xestionado desde o centro polo equipo TIC.</p>

- Non Corporativos:

<b>WordPress</b>	<p><a href="https://www.wordpress.com/">Bibliobasella – Onde a túa imaxinación te leve (wordpress.com)</a></p> <p>Páxina de web e blog da biblioteca do centro. É o centro neuráxico para as comunicacións da biblioteca coa comunidade educativa, que se completa con dúas contas en redes sociais.</p>
<b>Google Workspace for Education:</b>	<p>Servizo externo que permite o traballo colaborativo do alumnado en documentos ofimáticos, así como almacenamento na nube de traballos.</p>
<b>Genially:</b>	<p>Plataforma para a elaboración de infografía e presentacións en liña que permite ao profesorado e ao centro ter atractivos recursos en liña, tanto de comunicación como educativos..</p>
<b>Edmodo:</b>	<p>Plataforma de medios sociais que permite o seu uso como aula virtual sinxela e a comunicación entre alumnado e profesorado. (En desuso.)</p>

### 2.1.5. Mantemento dispoñible, xestión e protocolos.


As actividades de mantemento sinxelas están integradas dentro do organigrama de tarefas do equipo TIC, un equipo de profesores e profesoras con nivel técnico, que dependendo do curso e da dispoñibilidade horaria pode variar entre dúas e catro persoas, cun máximo de 8 horas semanais (repartidas entre elas) dedicadas ós labores TIC.

As tarefas pódense clasificar en tres grupos:

- Revisión, xestión e mantemento de equipos.
- Formación e apoio na implantación do proxecto e-Dixgal na ESO e aula Moodle no resto dos cursos.
- Potenciación de redes e espazos comúns para a Comunidade educativa.

Nas tarefas de xestión de mantemento de equipos e instalacións, o equipo TIC funciona como nivel 1 de atención de incidencias, en caso de non poder resolvelas, escálase a incidencia a un nivel 2 que pode ser a Unidade de Atención a Centros (UAC) da Xunta, ao Servizo Premium no caso dos computadores edixgal ou a unha empresa de mantemento externa para os computadores comprados polo centro.

#### Organigrama das tarefas do equipo TIC:



A repartición detallada de tarefas entre os membros do equipo TIC queda reflectido na seguinte táboa. Indicar que a xestión de incidencias sempre se fai en colaboración con Secretaría, responsable última do material do centro, que garda un caderno de control de incidencias.

	TIC 1 Coordinación	TIC 2	TIC 3 Edixgal
Xestionar as incidencias dos ordenadores da sala de profesorado, aulas de informática e aulas grupo.	X	X	
Actualizar a páxina web.	X		
Manter a aula virtual.	X	X	
Xestionar a G-Suite e solucionar os problemas que xurdan.	X	X	
Actualizar as galerías coppermine.	X		
Xestionar a documentación e subir os vídeos ao canal youtube. Twitter, facebook, Instagram.	X		
Axudar a manter os blogs da biblioteca.	X		
Proporcionar axuda ao profesorado nas cuestións TIC que xurdan.	X	X	X
Resolver as dúbidas do alumnado nas cuestións TIC que non puideron resolverse na aula.	X	X	X
Elaborar proxecto TIC e organizar/xestionar medios/recursos tecnolóxicos do centro.	X	X	X
Xestionar as incidencias Edixgal.			X
Entrega e recollida dos acordos de cesión dos equipos do alumnado ESO.			X
Entrega e recollida dos acordos de cesión dos equipos do profesorado.			X
Asignación/recollida de equipos do alumnado de ESO.			X
Asignación /recollida de equipos do profesorado de ESO.			X
Asistencia ao profesorado sobre dúbidas de funcionamento en Edixgal.	X	X	X
Mantemento dos equipos informáticos de aulas Edixgal.	X	X	X

Os protocolos vixentes relacionados co equipamento e xestión das TICs, no momento de redactar este plan, están recollidos no plan de continxencia, dispoñibles na aula virtual do centro, e pódense consultar nas seguintes ligazóns:

- [Protocolo aulas de informática no entorno Covid.](#)
- [Protocolo de recollida portátiles edixgal no entorno Covid](#)
- [Normas aula virtual.docx \(xunta.gal\)](#)

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

As fontes empregadas para a elaboración do DAFO e a posterior obtención dos obxectivos do Plan de acción para o curso 22-23 foron: O informe Selfie e o Test de Competencia Dixital Docente (TCDD), cuxos resultados globais se resumen nas seguintes táboas:

### Selfie:

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3.6	3.5		
	Profesorado		3.5	3.6		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3.2	3.4		
	Profesorado		3.1	3.1		
	Alumnado		3	2.8		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4	3.9		
	Profesorado		3.8	3.6		
	Alumnado		3.8	3		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4.7	4.6		
	Profesorado		4.2	4		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3.9	4.2		
	Profesorado		3.8	3.8		
	Alumnado		3.9	4		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3.4	3.7		
	Profesorado		3.2	2.9		
	Alumnado		3.2	3.1		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3.2	3.2		
	Profesorado		2.8	2.5		
	Alumnado		3	2.6		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3.6	3.9		
	Profesorado		3.7	3.6		
	Alumnado		3.5	3.2		

### Test CDD:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	23	28	82,1%
PROVISIONAL	3	10	30,0%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO	0	2	0,0%
DESPRAZADO	0	0	-

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	75,7	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	72,3	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,4%
A2	7	24,1%
B1	12	41,4%
B2	9	31,0%
C1	—	—
C2	—	—
TOTAL	29	99,9%

### 2.3. Análise DAFO.

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Boa dotación en computadoras na ESO.</li> <li>Bo acceso a internet na ESO.</li> <li>Boa infraestrutura e dispositivos xerais para o ensino.</li> <li>Resolución de problemas de forma áxil.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Non existe un protocolo de atención dixital para o alumnado NEE en caso de necesidade.</li> <li>Non hai un protocolo de actuación (préstamo) de dispositivos dixiais para o alumnado de Bacharelato cando sexa necesario.</li> </ol>



	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Hai oferta suficiente para a formación do profesorado co apoio do equipo directivo.</li> <li>Uso de recursos dixitais propios ou libres.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Falta de tempo efectivo para a exploración de metodoloxías no ensino dixital.</li> <li>Avaliación e coavaliación do alumnado con tecnoloxías dixitais levando un rexistro axeitado do progreso do ensino por parte do alumnado.</li> <li>Fomento da participación do alumnado de Bacharelato en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</li> </ol>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Boa dotación en computadoras, infraestruturas dixitais e acceso a internet.</li> <li>Edixgal incrementou a competencia dixital do alumnado.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Pouca dotación en computadoras en Bacharelato.</li> <li>Falta de coordinación en traballo de competencias dixitais.</li> </ol>
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Hai interese por parte do claustro pola renovación metodolóxica e o ensino dixital.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Falta de tempo efectivo para a exploración do ensino dixital.</li> </ol>
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Boa dotación.</li> <li>Uso de recursos dixitais.</li> <li>Oferta formativa axeitada e flexible aos intereses do profesorado.</li> <li>Bo clima de convivencia no claustro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Falta de definición dun protocolo claro de metodoloxía dixital común.</li> <li>Falta de formación e sensibilización en licenzas e protección de datos para o uso axeitado en clase.</li> <li>Falta de protocolos claros de avaliación dixital, detección de fenda dixital e BYOD (trae o teu propio dispositivo) en bacharelato.</li> <li>A colaboración con outras institucións.</li> </ol>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Plan LÍA da Biblioteca Escolar.</li> <li>Participación no programa de innovación educativa polos creativos.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Exceso de carga horaria.</li> <li>Exceso de burocracia.</li> <li>A formación do profesorado é fora do horario lectivo.</li> </ol>
	<b>LEXISLACIÓN</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>Cambios lexislativos recorrentes.</li> <li>Necesidade de formación e sensibilización nas licenzas dixitais.</li> </ol>
	<b>CONTORNA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Escola de pais/nais para reducir a fenda dixital da contorna.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Limitacións da contorna e horarios do transporte público.</li> <li>Falta de sensibilización a excesos de uso da rede por parte do alumnado.</li> </ol>

			3. Pouca predisposición das familias a participar nas actividades do centro.
<b>ANPA</b>	1. Programa E-Elbe para que pais e nais poidan ler fondos da biblioteca de xeito dixital.		1. Fenda dixital das familias. 2. Falta de control parental no uso da rede por parte do alumnado.
<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	1. Erasmus+		1. Sinerxias para o ensino e a aprendizaxe a distancia na ESO.

### 3. Plan de Acción.

A partir das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades recollidas no DAFO seleccionamos os seguintes obxectivos para o curso 22-23.

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas incidiremos en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dous recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Os obxectivos que nós expomos para o próximo curso céntranse nunha mellora de aspectos de avaliación dixital e de coordinación de traballo interdepartamental. Están recollidos de forma detallada, xunto aos indicadores de logro nas táboas das páxinas seguintes.

- Mellorar a atención do alumnado en Bacharelato para reducir a fenda dixital das familias
- Implementar prácticas de autorreflexión de xeito dixital sobre o proceso de ensino-aprendizaxe
- Desenvolver prácticas de autoavaliación e coavaliación de xeito dixital sobre o proceso de ensino-aprendizaxe
- Coordinación do traballo departamental no ensino das competencias básicas dixitais

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Ordenadores sobremesa para renovar o parque de computadoras das aulas de informática, dos departamentos e administración. (Temos 32 ordenadores cunha antigüidade maior a 15 anos)
- Ordenadores portátiles de aulas tanto edixgal como non edixgal para renovar. (Temos 20 ordenadores portátiles cunha antigüidade maior a 7 anos)
- Proxectores aulas de informática, sala de profesores e salón de actos.
- Equipos de sonido nos kits dixitais de aula adecuados ás necesidades actuais.
- Mellorar a cobertura wifi nas zonas de administración.

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestrutura						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Mellorar a atención do alumnado en Bacharelato para reducir a fenda dixital das familias				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Secretaría				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Cúbrense as necesidades do 90% do alumnado con fenda dixital					
<b>Valor de partida:</b>	10% do alumnado con fenda dixital en Bacharelato.					
<b>Valor previsto e data:</b>	90% do alumnado con fenda dixital en Bacharelato.			30 de outubro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Establecer un protocolo de actuación ante o alumnado con fenda dixital.	Dirección	01 setembro	Equipamento do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Detectar o alumnado con necesidades.	Secretaría Coordinador TIC	30 setembro	Datos de secretaría, enquisa e titores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Cubrir necesidades dixitais do alumnado.	Secretaría Coordinador TIC	30 outubro	Computadoras portátiles dispoñibles. Equipo TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Prácticas de Avaliación						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Implementar prácticas de autorreflexión de xeito dixital sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e Titores.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Índice de participación do alumnado					
<b>Valor de partida:</b>	10% do alumnado da ESO.					
<b>Valor previsto e data:</b>	70% do alumnado da ESO			30 de xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Elaboración das enquisas de autorreflexión.	Orientación e Titores	30 novembro	EVA edixgal, e computadoras edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación de cursos de titorías no EVA edixgal.	Equipo TIC	30 novembro	EVA edixgal, e computadoras edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: O alumnado elaborará en cada avaliación un documento que recolla a súa autorreflexión sobre o proceso de ensino-aprendizaxe baseado nas enquisas contestadas.	Titores	15 xuño	EVA edixgal, e computadoras edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Prácticas de Avaliación						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Desenvolver prácticas de autoavaliación e coavaliación de xeito dixital sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do plan dixital - Profesorado.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Índice de participación do alumnado.					
<b>Valor de partida:</b>	2 departamentos aplican actividades dixitais de autoavaliación e coavaliación de forma coordinada.					
<b>Valor previsto e data:</b>	4 departamentos elaboran actividades dixitais de forma coordinada.			30 de xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Elaboración de actividades de autoavaliación e coavaliación.	Profesorado	30 novembro	EVA edixgal, e computadoras edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Inclusión das actividades nos cursos do EVA Edixgal.	Profesorado	30 novembro	EVA edixgal, e computadoras edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: O alumnado realizará en cada situación de aprendizaxe actividades de autoavaliación ou coavaliación sobre os estándares tratados.	Profesorado	30 xuño	EVA edixgal, e computadoras edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Coordinación do traballo departamental no ensino das competencias básicas dixitais .				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do plan dixital e Xefatura de Estudos.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Elaboración de contidos dixitais no primeiro ciclo da ESO.					
<b>Valor de partida:</b>	2 departamentos elaboran actividades dixitais de forma coordinada.					
<b>Valor previsto e data:</b>	4 departamentos elaboran actividades dixitais de forma coordinada.			30de xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Elaboración dun programa de coordinación entre materias.	Coordinador de plan dixital	30 setembro	EVA edixgal, e computadoras edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaboración de contidos dixitais nas diferentes materias usando os distintos programas de Libreoffice.	Profesorado	30 xuño	EVA edixgal, e computadoras edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: O profesorado avaliará o grao de consecución de actividades e a coordinación.	Coordinador de plan dixital	30 xuño	Enquisas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### 4. Avaliación do plan.

O seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos farase marcando o seguimento das táboas do plan de acción e informando aos seguintes órganos:

Órgano responsable	Tarefas a desenvolver	Periodicidade
Equipo directivo	Promocionar, propoñer e facer seguimento da comisión e Plan Dixital do centro.	Trimestral
CCP	Recibir información do seguimento do Plan de acción.	Trimestral
Claustro	Debater, aprobar e elevar propostas.	Semestral
Consello Escolar	Avaliación das propostas do Plan, aprobación, seguimento.	Semestral
Xefatura de Estudos/Xunta de delegados	Dinamización da participación do alumnado. Recoller propostas do alumnado.	Anual
Dirección/ANPA	Intercambio de información, coordinación do traballo e intercambio de propostas.	Anual
Secretaría/Persoal laboral	Intercambio de información, coordinación do traballo e intercambio de propostas.	Semestral

Ao finalizar o curso farase unha avaliación do plan e o conseguinte axuste do Plan de Acción coas propostas de mellora para o curso seguinte.

#### 5. Difusión do plan.

O Plan Dixital estará dispoñible na web do centro para a súa consulta pública. Aínda así, difundirse nos distintos colectivos que compoñen a comunidade educativa da seguinte forma:

##### Alumnado

Dar a coñecer nas primeiras sesións do curso:

- Normas de funcionamento e recursos técnicos que se atopan á súa disposición.
- Obxectivos e contidos que se traballarán para o desenvolvemento da competencia dixital: Integración do uso das TICs nas programacións das materias.
- Formación inicial para o uso das plataformas educativas nos cursos-niveis iniciais da ESO:

[O meu caderno TIC.](#)

##### Profesorado

Dar a coñecer nas primeiras sesións do claustro:

- Normas de funcionamento e recursos técnicos que se atopan á súa disposición.



- Normas de uso de instalacións e recursos.
- Información de actualizacións nas plataformas dixitais.
- Información de modificacións do Plan dixital respecto ao curso anterior.

### Benvida TIC

#### **Familias**

Das a coñecer nas primeiras reunións xerais de pais e nais:

- Normas de funcionamento e recursos técnicos que se atopan á disposición do alumnado.
- Obxectivos e contidos que se traballarán para o desenvolvemento da competencia dixital no proceso de ensino do alumnado.
- Ferramentas de comunicación co profesorado.
- Riscos e condutas de risco na internet.